

## **0. INTRODUCCIÓN**

O presente documento inclúe o contido dos Anexos Documentais I e II redactados durante a tramitación do Plan. Cada punto colócase no apartado que lle corresponde. Ademais refunde as modificacións derivadas do Acordo Plenario de aprobación provisional de data 05.02.2016 e as que deveñen da Orde de 13 de xuño de 2016 de aprobación definitiva do Plan Xeral.

## **1. XUSTIFICACIÓN E ALCANCE DA FORMULACIÓN DO PLAN XERAL MUNICIPAL DE ORDENACIÓN**

A necesidade de redacción dun novo documento de planeamento urbanístico de ámbito municipal, está xustificada na propia obsolescencia do planeamento vixente, pola súa antigüidade, pola evolución da problemática urbanística municipal, pola súa desadecuación ao marco lexislativo vixente e pola propia evolución das técnicas e prácticas urbanísticas nas derradeiras décadas.

Tal e como se analiza na Información Urbanística, as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Mondoñedo vixentes, foron aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo en sesión de 12 de xullo de 1978, entrando en vigor coa publicación no BOP de 18.08.1978; constituíndo polo tanto un instrumento non adaptado ás actuais determinacións legais. A revisión parcial, tramitada no ano 1985, que máis ben podería conceptuarse como unha modificación, ten en calquera caso mais de vintecinco anos de antigüidade.

A obsolescencia do documento deriva non só da súa idade e falla de adaptación ao vixente marco legal, senón tamén da súa formulación anterior á declaración como conxunto histórico artístico de grande parte do casco urbano da cidade de Mondoñedo (no tempo da formulación das Normas só existía unha incoación), o que determina, de seu, unha reflexión diferente da proposta naquel planeamento sobre un dos conxuntos urbanos máis singulares de Galicia.

Desde o punto de vista da ordenación, o territorio municipal non incluído na clasificación de solo urbano da Cidade está tratado deficientemente, ata o punto de que as determinacións de ordenación teñen a súa plasmación nunha cartografía de escala 1:5.000, malia existir unha vontade de regular tanto a existencia de entidades rurais de poboación como de proteccións no solo non urbanizable (protección da paisaxe e protección forestal).

No que atinxe ao casco urbano, as Normas delimitan unha zona de Casco Vello onde foron de aplicación as Normas da Zona Histórico Artística ao abeiro da anterior “Ley del Patrimonio Artístico Nacional”, o que representaba un primario instrumento de regulación. Estas Normas introduciron criterios proteccionistas sobre o conxunto, tanto desde o punto de vista da permanencia das aliñacións exteriores como das alturas das edificacións, aportando unha primeira clasificación do parque construído en edificios de interese monumental, de interese ambiental e sen interese, e todo complementado cunhas ordenanzas de estética urbana.

Cuestións relevantes da problemática municipal tales como o inserimento na ordenación das novas trazas da estrada nacional, a localización do parque empresarial ou mesmo o trazado da Autovía Transcantábrica polo territorio municipal, non teñen expresión nas Normas vixentes.

Neste contexto impulsouse polo Concello a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Mondoñedo, adaptando as súas determinacións ás esixencias da Lei 1/97 do Solo de Galicia, acadando a aprobación inicial mediante acordo Plenario de data dezaseis de agosto de 2001, e sometido a información pública. Interrompida a súa tramitación á entrada en vigor da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística de Galicia e Protección do Medio Rural, supón a necesidade de adoptar as determinacións de planeamento á mesma e as súas leis de modificación e de medidas urxentes.

O novo marco legal introduce suficientes novidades como para que determinados e relevantes aspectos deban ser considerados a súa luz. O cambio de categorías de solo e os seus réximes ou as determinacións a conter, son aspectos que implican a necesidade dunha reflexión planificatoria que transcende dunha adaptación mecánica, condicionando aspectos de estratexia e estrutura. O solo urbano consolidado e o non consolidado, o solo dos núcleos rurais, son determinacións de planeamento, cun alcance que vai máis alá da simple clasificación e cualificación urbanística.

Ao amparo deste novo marco haberá que definir unha proposta estratéxica que dea resposta a aqueles aspectos que demanda a actual problemática municipal e unha necesaria perspectiva de futuro no seu desenvolvemento.

As circunstancias actuais do municipio, a detección de novos problemas e temas de ordenación, as modificacións do marco xurídico do planeamento e a ordenación urbanística, supón a incorporación de enfoques novos no método de redacción do Plan, introducindo unha maior atención ás infraestruturas, un reforzo das funcións centrais urbanas no marco comarcal, unha incardinación entre a protección ambiental e histórico-

artística e o desenvolvemento urbano, e todo iso poñendo o acento no seu maior compromiso estratéxico.

A vocación turística e a oferta específica que representa un territorio municipal de singular valor; a irrupción das novas vías de comunicación; a emerxencia de novas actividades ao calor desta nova realidade, onde os usos industriais e comerciais deben acadar un espazo axeitado; a necesidade de apuntalar un desenvolvemento respectuoso cun medio natural tan valioso; o novo marco comarcal e os usos administrativos e terciarios; a protección, rehabilitación e valorización dun patrimonio cultural que ten no Casco Vello o seu elemento máis singular; pero que tamén se expresa en espazos como o barrio dos Muíños ou de San Lázaro; a valoración de aspectos de calidade ambiental singular como o representado polas canles de auga que relacionan ámbolos dous barrios; a consideración de estratexias planificadoras tendentes a facilitar a rehabilitación do patrimonio construído; a potenciación do valioso sistema de núcleos rurais municipais procurando a súa mellora e recuperación; son algúns dos aspectos que fundamentan a oportunidade e conveniencia da elaboración do Plan Xeral de Mondoñedo.

O mesmo cabería dicir do perfeccionamento da normativa, ordenanzas e propostas de ordenación que a experiencia dos longos anos de vixencia das Normas Subsidiarias recomenda abordar.

Xunto cos aspectos anteriores outros veñen a reforzar a posición do territorio municipal. A entrada en vigor da Lei de Protección dos Camiños de Santiago, e a aprobación do expediente de delimitación da Ruta da Costa da provincia de Lugo, introduce un novo marco non só regulador -determinante na súa protección e recuperación- senón tamén potenciador do patrimonio e das actividades ligadas ao Camiño que deben ser valorizadas e rendibilizadas.

Por outra parte a importancia que deberá acadar a rehabilitación xa iniciada do rico patrimonio construído de Mondoñedo como garantía do futuro urbanístico da Cidade, terá que estar tamén presente na definición das estratexias de planificación a desenvolver.

Todas estas cuestións xustifican a necesidade e conveniencia de producir a formulación do presente Plan Xeral de Ordenación Municipal.